

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E CONCELLO DE RIBEIRA PARA A REFORMA DOS VESTIARIOS DO CAMPO DE FÚTBOL DE CARREIRA

I. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

II. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Ribeira para a reforma dos vestiarios do campo de fútbol de Carreira.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante LALGA), establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscrición de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

III. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Ribeira o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.





IV. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Ribeira para a reforma dos vestiarios do campo de fútbol de Carreira, de acordo co orzamento que se achega como anexo I ao convenio, que ascende a 48.369, 68 €, IVE incluído, tal e como se recolle na memoria valorada aportada polo Concello.

V. Fundamentos do convenio

O Concello de Ribeira manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a reforma dos vestiarios do campo de fútbol de Carreira.

As obras obxecto do presente convenio realizaranse no campo de fútbol de Carreira, situado no lugar de Campos.

Os vestiarios existentes no campo de fútbol de Carreira foron construídos fai aproximadamente 50 anos e aínda que foron obxecto de diversas reparacións ao longo do tempo, o seu estado de deterioro actual obriga á execución dunha reforma mais integral para que os usuarios das instalacións poidan seguir utilizándose con normalidade.

O campo de fútbol da Guía en Carreira non é de uso exclusivo dunha única entidade. Nel tamén desenvolven a súa actividade outros clubs e colectivos do municipio:

- Carreira C.F.: Entidade que ten a prioridade de uso, que conta con equipos en absolutamente todas as categorías do fútbol federado (desde as categorías base ata o equipo senior).
- Atlético Ribeira: Varios equipos de fútbol base desta entidade, utilizan as instalacións do campo da Guía para os seus adestramentos, sobre todo nas primeiras horas da tarde.
- C.D. Artes: Uso continuado por parte das súas categorías Senior e Veteranos, tanto para adestramentos como para a disputa de partidos oficiais.

As instalacións dan un servizo a centos de persoas polo que mellorar os vestiarios garante unha contorna segura e saudable para a práctica de exercicio físico.

Os vestiarios actuais contan con moitos anos de antigüidade, superando con creces a súa vida útil estimada. Así mesmo, o paso do tempo provocou un desgaste importante.

O deseño orixinal destas instalacións non responde ás necesidades actuais de usuarios, especialmente cando concorren varios clubs na mesma franxa horaria.





Os revestimentos, as redes de fontanaría e o saneamento interno atópanse completamente obsoletos, o que provoca avarías recorrentes.

Debido aos moitos anos de antigüidade da edificación, o estado actual dos vestiarios supón un risco potencial de aparición de humidades e fungos. A remodelación garante o cumprimento das normativas sanitarias vixentes.

A renovación elimina perigos estruturais internos (pavimentos esbaradizos, instalacións eléctricas anticuadas en zonas húmidas protexendo a integridade física de deportistas, adestradores e colexiados).

Por este motivo, o Concello de Ribeira manifestou asistencia de colaboración por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a reforma dos vestiarios do campo de fútbol de Carreira, solicitando unha axuda de 48.369,68 €.

A necesidade da colaboración solicitada á Consellería acentúase porque na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á cal poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

O Concello de Ribeira como administración local encargada de velar polos intereses da veciñanza, solicita esta axuda xa que as considera que actuacións a executar son de interese público e social para satisfacer as necesidades dos veciños.

O importe total do orzamento, **48.369,68 €, IVE incluído**, de acordo coa memoria achegada polo Concello de Ribeira, será sufragado pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral Técnica.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, e manterase constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

Por outra banda, a falta de recursos dun concello pequeno para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público, e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Ribeira de afrontar os compromisos económicos que a financiación da execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que





representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Ribeira.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

VI. Actuacións da subvención

No recinto do campo de fútbol de Carreira existe unha edificación rectangular, de dimensións aproximadas 20x7 m, que alberga un local social do club e uns vestiarios, para local, visitante e árbitros. Ademais, existe un cuarto de instalacións.

Trátase dun edificio antigo, que precisa de reforma. A obra proxectada consiste na realización dunha reforma integral dos vestiarios, tanto o destinado alo equipo local, como ao visitante e ao dos árbitros.

De forma mais detallada, descríbense a continuación as actuacións a efectuar en cada vestiario:

- levantamento de instalacións de fontanería
- repicado de alicatados na zona das duchas e inodoro
- demolición de pavimentos de terrazo no interior da zona das duchas
- solado de gres no interior da zona das duchas previa extensión de base de morteiro de 4 cm.
- alicatado cerámico na zona das duchas e inodoro
- colocación de 6 pulsadores para duchas





- colocación de falso teito rexistrable en todo o vestiario local
- pasteado e pintado de paredes non alicatadas
- instalación de panel de luces no vestiario
- instalación de luces downlight na zona de inodoros
- instalación de luces de emerxencia

VII. Importe e aplicación orzamentaria

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima de **corenta e oito mil trescentos sesenta e nove euros con sesenta e oito céntimos (48.369,68 €, IVE incluído)**, con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 100 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Francisco Javier Abad Pardo

Por suplencia (Decreto 136/2024, do 20 de maio)

A vicesecretaria xeral

Vanessa Cal Ríos

